

Aprendizaxe cooperativa

Familia profesional	HOT INA	Hostalaría e turismo. Industrias alimentarias.
Ciclo formativo	CSHOT03 CSHOT05 CMINA01 CBHOT01	Guía, Información e asistencia turísticas. Dirección de servizos de restauración. Panadaría, repostaría e confeitaría. Cociña e restauración.
Grao		Superior, medio e FP Básica.
Guía para o alumnado		Aplicable as familias profesionais de Hostalaría e Turismo e Industrias alimentarias.
Actividade	A1	Guía de Aprendizaxe cooperativo.
Autores		Marta Abad Maqueira, Sonia Cabanas Arias, Manuel Cordido Río, M ^º Ruth Fachal Rodríguez, Estrella Fernández Buján, Elena María Iravedra Díaz, Eva María Lage Lorenzo, María José Lores Baena, Alberto Rodríguez Lijo, Nuría Ruiz Gómez.

© 2017 Xunta de Galicia.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Aviso Legal: Reservados todos os dereitos.

A presente obra está protexida pola lei, que establece penas de prisión e/ou multas, ademais das correspondentes indemnizacións por danos e prexuízos, para quen reproduza, plaxie ou distribúa o seu contido en calquera tipo de soporte sen a preceptiva autorización.

Índice

1. Trallemos cooperativamente	3
1.1 Introducción.....	3
1.2 Xustificación	5
2. Autoinformes.....	6
2.1 Valoración das actividades dunha Unidade de Aprendizaxe realizadas en equipo (I)	6
2.2 Valoración das actividades dunha Unidade de aprendizaxe realizadas en equipo (II)	8
2.3 Valoración das actividades dunha Unidade de aprendizaxe realizadas en equipo (III)	10
2.4 Valoración das actividades dunha Unidade de aprendizaxe realizadas en equipo (IV).....	13
3. Conclusión	15
4. Bibliografía	16
5. Anexos.....	16

1. Traballemos cooperativamente



“ A cooperación consiste en traballar xuntos para alcanzar obxectivos comúns ”

Johnson, D. W., Johnson, R. T. e Holubec, E. J. (1999)

1.1 Introducción

Dende hai moito tempo o que denominamos “traballo en grupo” ven sendo un recurso metodolóxico de primeira orde no labor docente do profesorado de Formación Profesional. É bastante habitual que gran parte das nosas clases se desenvolvan cuns alumnos interaccionando con outros dun modo dinámico a fin de realizar unha determinada actividade ou de elaborar un determinado produto. O alumnado móvese dentro do aula, busca información, interactúa, fai que o seu traballo dependa do que realicen outros compañeiros e compañeiras.

Na nosa opinión, xa rematou o momento en que a “clase maxistral” era a única opción, onde o profesor é o que explica, esquematiza, pon exemplos, resume, ou pregunta. Para nós, dar resposta ás necesidades formativas do noso alumnado supón avanzar cara metodoloxías nas que a responsabilidade e a xestión da aprendizaxe sexan compartidos entre os docentes e os estudantes.

Porén, sentimos que necesitabamos máis formación, mellorar as nosas competencias docentes, a fin de pasar dese “aprender en grupo” a un “traballar en equipo”, máis eficiente e que permita desenvolver no noso alumnado unhas destrezas imprescindibles no mundo actual. As técnicas e procedementos do “Aprendizaxe cooperativo” parecéronnos as máis axeitadas para o noso propósito.

Pero, que se entende por aprendizaxe cooperativo?. De acordo coa definición de Johnson, Johnson e Holubec (1999), “a aprendizaxe cooperativa é o emprego didáctico de grupos reducidos nos que os alumnos traballan xuntos para maximizar a súa propia aprendizaxe e a dos demais”. Esta estrutura da actividade se contraponse a outras dúas que tamén son moi habituais nas aulas:

- *A estrutura individualista*, na que o alumnado traballa individualmente sen interactuar cos seus compañeiros, e sen fixarse no que fan os demais. Só interactúan co profesor, que é quen resolve as dúbidas ou os problemas que van xurdindo na realización dos exercicios. Non existe interdependencia cos compañeiros, e o que un aprende non depende do que consigan os demais.

- *A estrutura competitiva*, na que o alumnado tamén traballa individualmente, pero si se fixan no que fan os seus compañeiros, posto que rivalizan entre si para ver quen é o primeiro da clase. Espérase dos rapaces que aprendan o que o profesor lles ensina, pero, de xeito máis ou menos explícito, espérase que aprendan antes que os demais, máis que os demais. Establécese unha *interdependencia negativa*, xa que o alumno so conseguirá o seu obxectivo se os demais non o conseguen.

Polo contrario, nunha *estrutura cooperativa* o alumnado está distribuído en pequenos equipos de traballo heteroxéneos, para axudarse e animarse mutuamente á hora de realizar os exercicios e as actividades de aprendizaxe en xeral. Espérase

que cada alumno non so aprenda o que o profesor lle ensina, senón que tamén contribúa a que aprendan os seus compañeiros e compañeiras do equipo. Por tanto, establécese unha *interdependencia positiva*, xa que cada un consegue os seus obxectivos se os conseguen tamén os seus compañeiros. Esta estruturación da tarefa promove a cooperatividade entre os estudantes á hora de aprender.

En definitiva, as características ou aspectos que fan que unha tarefa de aula se realice de modo cooperativo son as seguintes (Johnson, Johnson e Holubec, 1999):

Interdependencia positiva: os membros dun grupo deben ter claro que os esforzos de cada integrante no so o benefician a el mesmo senón tamén aos demais membros.

Responsabilidade individual e grupal: O grupo debe asumir a responsabilidade de acadar os seus obxectivos, e cada membro será responsable de cumprir coa parte do traballo que lle corresponda. Ninguén pode aproveitarse do traballo de outros.

Interacción estimuladora: Os alumnos e alumnas deben realizar xuntos un labor no que cada un promova o éxito dos demais, compartindo os recursos existentes e axudándose, respaldándose, alentándose e felicitándose uns a outros polo seu empeño en aprender.


Ensinanza dalgunhas prácticas interpersonais e grupais imprescindibles: Os membros do grupo deben saber como exercer a dirección, tomar decisións, crear un clima de confianza, comunicarse e manexar os conflitos, e deben sentirse motivados a facelo. E todas estas destrezas deben ser ensinadas e practicadas polo docente de modo explícito.

Avaliación grupal: A fin de que o proceso de aprendizaxe mellore en forma sostida, é necesario que os membros analicen coidadosamente como están a traballar xuntos e como poden acrecentar a eficacia do grupo.

O Programa Formativo que desenvolvemos durante estas semanas no CIFP Carlos Oroza tivo como marco de referencia o **Programa CA/AC Cooperar para aprender / Aprender a cooperar**, da Universidade de Vic. E se estruturou en tres ámbitos de intervención concretos:

Ámbito de intervención A: Cohesión do grupo. Destinado a que os alumnos e alumnas tomen conciencia de grupo e se convertan nunha pequena comunidade de aprendizaxe. Consiste nunha serie de dinámicas, que poden ser desenvolvidas pola titoría, que pretende mellorar o clima de clase. Realizamos dinámicas para fomentar a participación, o coñecemento mutuo, a inclusión, outras para salientar a importancia de traballar en grupo, entre outras.

Ámbito de intervención B: O traballo en equipo como recurso. Consisten nunha serie de estruturas de actividade cooperativa destinadas a que o traballo en equipo sexa un recurso empregado habitualmente polo profesorado. Como resultado final, nesta guía **elaboramos unha unidade de aprendizaxe** por cada un dos módulos dos profesores que participamos no PFFP: unha de Formación e Orientación Laboral, unha de Panadaría e Pastalaría, unha de Turismo e unha de



Cociña, que van incluídas nesta memoria. Todas as estruturas son fáciles de adaptar dentro da aula a diferentes módulos. Todas elas foron levadas á práctica entre o profesorado do centro.

Ámbito de intervención C: O traballo en equipo como contido a ensinar. Son actuacións explícitas e sistemáticas dirixidas a que os alumnos e alumnas aprendan a traballar en equipo; neste programa CA/AC desenvólvense dúas: Os *Plans de Equipo*, e o *Caderno de Equipo*, ademais de distintas dinámicas de grupo e estruturas para ensinar e reforzar as habilidades sociais e cooperativas.

En definitiva, nestas sesións iniciamos o camiño para que, a través de grupos heteroxéneos de aprendizaxe, poidamos desenvolver no noso alumnado unhas destrezas e competencias (sociais, afectivas, académicas, ...) que lles posibiliten cooperar de modo produtivo e efectivo no futuro.

1.2 Xustificación

- En primeiro termo: Tendo en conta que a LOE/LOMCE estrutura o currículo arredor das competencias clave, reflexionamos sobre o seguinte: *O desenvolvemento das competencias básicas, ao menos algunhas delas, require necesariamente unha estrutura cooperativa da actividade na aula.* É dicir, algunhas competencias básicas non poden desenvolverse propiamente nunha estrutura individualista e competitiva da actividade dos alumnos e alumnas na aula.

Algunhas *competencias comunicativas* –como, por exemplo, expresar, argumentar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos; escoitar as ideas alleas; aceptar e realizar críticas construtivas; colocarse no lugar da outra persoa de forma empática; respectar opinións distintas ás propias con sensibilidade e espírito crítico, e algunhas *competencias sociais*, como practicar o diálogo e a negociación para resolver conflitos; traballar en equipo aportando o que un sabe xunto ao que saben os demais para resolver xuntos problemas comúns, difícilmente se poden practicar e, polo tanto, aprender, estas competencias e outras, se os alumnos e alumnas non teñen a oportunidade de traballar xuntos, en equipo, dentro da clase, de forma continuada.

- En segundo termo: *Apostamos por unha escola que basa fundamentalmente o seu potencial educativo no feito de que sexa inclusiva, non exclúa a ninguén, que atenda á diversidade, –meta cada vez máis importante no mundo actual–, para crear comunidades que acollan abertamente a todo o mundo, sexa cal sexa o su país e a súa cultura de orixe, unha sociedade inclusiva, e que ademais logre unha educación integral para todos e todas, tal como se proclama na *Declaración de Salamanca*, que contén as conclusións finais da *Conferencia Mundial sobre necesidades educativas especiais: acceso e calidade*, organizada pola UNESCO.*
- En terceiro termo: Entendemos que unha maneira de dar resposta ós aspectos sinalados anteriormente, é *introducir nas aulas unha estrutura de aprendizaxe cooperativa.*

2. Autoinformes

2.1 Valoración das actividades dunha Unidade de Aprendizaxe realizadas en equipo (I)

Curso e Grupo	FP Básica Cociña e Restauración
Área	Hostalaría e turismo. Módulo Atención ao cliente.
Unidade de Aprendizaxe	Técnicas de comunicación

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE APRENDIZAXE	
Obxectivo Coñecer as ideas previas sobre o tema que se traballará.	Actividade Como comunicarse cun cliente no caso de que fose xordomudo?.
Estrutura	Folio xiratorio
Descrición da estrutura aplicada: <ul style="list-style-type: none">▪ O docente pregunta aos alumnos como se comunicarían cun cliente no caso de que este fose xordomudo.▪ O docente agrupa aos alumnos por equipos xa definidos anteriormente.▪ O responsable de cada equipo expón as súas ideas previas e plásmas nun folio, que entrega ao resto de compañeiros, seguindo a dirección das agullas do reloxo, ata que todos os membros participen na resolución da tarefa. O alumno debe estar pendente en todo momento para corrixir os erros que se produzan.▪ Cada alumno escribe a súa aportación empregando unha cor diferente, así o profesor pode comprobar a resposta de cada un.	
Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas Adaptar o proceso de ensino as características propias do grupo ao coñecer os saberes previos do alumnado.	

AO INICIO DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Comprobar se adquiriron os coñecementos sobre a materia.	Actividade Batería de cuestións para verificar a comprensión das técnicas de comunicación.
Estrutura	Lapis ao centro
Descrición da estrutura aplicada: O docente entrega a cada equipo unha folla con cuestións sobre as técnicas de comunicación. Cada alumno faise cargo dunha pregunta ou exercicio.	

AO INICIO DA UNIDADE DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Le en voz alta a primeira pregunta e opina como respondela. ▪ Pregunta a opinión dos seus compañeiros seguindo a dirección das agullas do reloxo. ▪ O equipo acorda unha resposta. ▪ Anotan a resposta no seu caderno.
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Fomento da lectura en voz alta. ▪ Traballo en equipo. ▪ Respecto á opinión dos seus compañeiros. ▪ Deste xeito, o docente verifica os contidos que non foron comprendidos.

DURANTE A UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<p>Obxectivo Consolidar os coñecementos sobre as técnicas de comunicación.</p>	<p>Actividade Entrega e lectura dun texto dunha situación real.</p>
<p>Estrutura</p>	<p>Lectura compartida</p>
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Un membro de cada equipo le o primeiro parágrafo mentres os demais prestan atención. ▪ Seguindo o sentido das agullas do reloxo o seguinte membro explica o que o primeiro acaba de ler. ▪ O terceiro membro fai un resumo do explicado. ▪ Os membros restantes deciden se este resumo é correcto ou non. ▪ A estrutura repéitase de igual xeito co segundo membro que lerá o segundo parágrafo. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mellorar a capacidade de expresión oral e de retención. ▪ Saber facer un resumo da información. 	

AO FINAL DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<p>Obxectivo Asegurar que os alumnos aprenderon os contidos.</p>	<p>Actividade Crear frases a raíz de sinónimos da palabra comunicación.</p>
<p>Estrutura</p>	<p>Xogo de palabras</p>
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O profesor escribe no encerado palabras clave sobre o tema. ▪ Cada un dos equipos debe crear unha frase expresando a idea que hai detrás das palabras. ▪ Os alumnos escriben as frases nun cuarto de folio. ▪ Seguindo unha orde determinada cada estudante mostra a frase que escribiu os seus compañeiros, que corrixen, matizan ou completan a frase. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballo de asertividade e empatía. 	

2.2 Valoración das actividades dunha Unidade de aprendizaxe realizadas en equipo (II)

Curso e Grupo	CM Panadaria, Repostaria e Confeitaria
Área	Industrias alimentarias
Unidade de aprendizaxe	Módulo Seguridade e hixiene na manipulación dos alimentos: Limpeza e desinfección das instalacións

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Coñecer as ideas previas sobre o tema que se traballará.	Actividade Limpamos e desinfectamos?
Estrutura	Lectura compartida
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O docente agrupa aos alumnos por equipos xa definidos anteriormente. ▪ O profesor entrega un artigo dunha revista que relata problemas sobre as toxiinfeccións alimentarias. ▪ Un membro de cada equipo le o primeiro parágrafo mentres o resto do grupo presta atención. A continuación, e seguindo o sentido das agullas do reloxo, o seguinte integrante do grupo, explica o que o anterior remata de ler. Os demais indican o que é correcto e fan as súas achegas. ▪ A continuación, repítese a mesma estrutura co resto dos parágrafos, así ata rematar o artigo. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ En xeral, crease un ambiente distendido, o que favorece a interrelación do equipo, mesmo co alumnado máis disperso, podendo mellorar, ao formar os grupos de traballo dunha maneira máis coherente. ▪ É necesario distribuír as mesas de xeito que faciliten o traballo, comprobando que todo o alumnado colabore na tarefa. Esta cuestión pode axilizarse ao traballares todo o equipo docente de forma cooperativa. ▪ Os equipos conformados non foron os máis axeitados, debendo facerse unha reestruturación coa fin de adaptalos dunha maneira heteroxénea e compensada de cara a promover a integración de cada un dos integrantes. ▪ A escolla do texto non foi doada porque debía poñer de relevancia as ideas importantes que se pretendía saísen dende o inicio da unidade de aprendizaxe, coa intención de que servise de motivación, e, ao mesmo tempo, non fosen complexas para non atopar moitas dificultades na lectura e comprensión do texto. ▪ A falta de experiencia traballando con estruturas de aprendizaxe cooperativo fixo que o alumnado se sentise un pouco confuso, facendo continuas preguntas de como proceder. ▪ No que atinxe a esta experiencia, resultou complicado poder chegar a todos os equipos, dado que non todos rematan ao mesmo tempo, dándose situacións nas que o alumnado debe esperar, sendo eles mesmos os que solicitan axuda e información aos outros de como continuar. ▪ Nesta estrutura aconséllase pór música de fondo, xa que axuda na concentración e contribúe a minorar o volume de voz que é habitual nestas actividades. ▪ Para mellorar as relacións, é recomendable facer dinámicas de grupo dende o inicio do curso, para así facer agrupamentos axeitados en cada equipo. ▪ Resulta desexable manter un ritmo continuado dos grupos de traballo, evitando paradas e interrupcións. Isto farase para motivar ao alumnado e tentar conseguir mellorar a súa implicación no proceso de aprendizaxe. 	

AO INICIO DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Responder a cuestións sobre as que se está traballando	Actividade Importancia do mantemento dos útiles de limpeza
Estrutura	1-2-4
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O docente dará a cada equipo un artigo de prensa sen títulos, pedíndolles que poñan un título e fagan un resumo. ▪ Fórmanse equipos de catro membros, tal é como estaban traballando ata agora. ▪ Facilitaráselles un folio a cada alumno, solicitando que o dobren en tres partes. O primeiro tercio será a "situación 1"; a segunda parte será a "situación 2"; e a terceira parte será a "situación 4". ▪ Darase tempo a que lean o artigo individualmente, tendo que redactar un título e o resumo na parte da "situación 1". ▪ A continuación, por parellas intercambiaranse as respostas; comentaranse, e de dúas farase unha que foi a que anotaron na parte da "situación 2". ▪ Despois, todo o equipo mostrará as respostas dadas polas dúas parellas do equipo e, entre todos, acordarase un único título e un único resumo, que foi o que anotaron na parte da "situación 4". 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Poñer de relevancia que cada un ten unha perspectiva distinta das cousas. Ao expoñelo en común, fai replantexarse a visión do que se está lendo, integrando os diferentes criterios. ▪ Respecto pola opinión dos compañeiros. ▪ Débense medir os tempos para manter un ritmo de traballo dentro do grupo e tamén en todos os grupos. ▪ O docente coñece a parte da contribución de cada un dos membros, xa que nun mesmo documento aparece a parte individual e a do equipo. 	

AO FINAL DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Asegurar que os alumnos aprenderon os contidos.	Actividade Verificamos a limpeza e desinfección do obradoiro.
Estrutura	Folio xiratorio
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O docente facilita un folio en branco e indica que cada membro do equipo ten que escoller un bolígrafo de cor diferente que será co que escriba no folio común. Con esta actividade vaise xerar unha táboa de observación. ▪ Cada membro escribe o seu nome no folio co bolígrafo da cor escollida. ▪ Un membro do equipo empeza a escribir a súa achega no folio "xiratorio" que consistiu en indicar un ítem que considera relevante para comprobar a eficacia do plan de limpeza e desinfección. ▪ A continuación pásallo ao compañeiro do lado, seguindo a dirección das agullas do reloxo, para que escriba a súa parte no folio coa cor escollida. ▪ Ao final, xerouse una táboa de observación que ten a contribución de cada un dos grupos. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ En xeral, indico os mesmos comentarios que os realizados na actividade anteriores. 	

2.3 Valoración das actividades dunha Unidade de aprendizaxe realizadas en equipo (III)

Curso e Grupo	1º CS Guía, información e asistencia turísticas
Área	Formación e Orientación Laboral
Unidade de aprendizaxe	Contrato de traballo

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Coñecer as ideas previas	Actividade Proxectei unha noticia dun programa de televisión, na que se mencionaban os contratos máis utilizados en España na actualidade. O alumnado a partires dos seus coñecementos previos tiña que identificar a finalidade dos contratos de traballo mencionados na noticia.
Estrutura	Folio xiratorio
Descrición da estrutura aplicada:	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O docente facilita un folio en branco e indica que cada membro do equipo ten que escoller un bolígrafo de cor diferente que será co que escriba no folio común. ▪ Cada membro do equipo escribe o seu nome no folio co bolígrafo da cor escollida. Un membro do equipo empeza a escribir a súa achega no folio "xiratorio" que consistiu en identificar a finalidade de cada contrato mencionado na noticia. ▪ A continuación pásallo ao compañeiro do lado, seguindo a dirección das agullas do reloxo, para que escriba a súa parte no folio coa cor escollida. ▪ Non podían repetirse os contratos mencionados polo que todos debían de estar atentos ao que escriben os demais compañeiros. 	
Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas	
A valoración da actividade foi moi positiva, xa que todo o alumnado implicouse na mesma, xurdindo neles un interese por coñecer as diferentes modalidades contractuais e principalmente aquelas formas de contratación máis utilizadas para os novos titulados.	

AO INICIO DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Introducir un tema a partires dun texto.	Actividade Lectura de características dos diferentes contratos de traballo vixentes na actualidade.
Estrutura	Lectura compartida
Descrición da estrutura aplicada:	
Cada grupo tiña que buscar información dun tipo contrato de traballo na páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Un membro de cada equipo le o primeiro parágrafo mentres os demais prestan atención. 	

AO INICIO DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Seguindo o sentido das agullas do reloxo o seguinte membro explica o que o primeiro acaba de ler. ▪ O terceiro membro fai un resumo do explicado. ▪ Os outros dous membros restantes decidirán si este resumo é correcto ou non. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <p>En xeral, a valoración da actividade é moi positiva, xa que esta técnica propicia a participación equitativa e a interacción de todos os membros do equipo. O resultado foi unha maior motivación en relación coa lectura.</p>	

DURANTE A UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<p>Obxectivo</p> <p>Formular cuestións e dúbidas sobre os contratos laborais vixentes.</p>	<p>Actividade</p> <p>Parada de tres minutos</p>
<p>Estrutura</p>	<p>Parada de tres minutos</p>
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Cada equipo fai unha posta en común da información buscada na actividade anterior sobre as diferentes modalidades contractuais. ▪ Déixanse tres minutos para que o resto dos equipos formulen cuestións para aclarar as dúbidas ou aspectos que non quedasen suficientemente claros na exposición. ▪ O equipo responde ás preguntas coa axuda do docente. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <p>Actividade efectiva, xa que propicia a participación de todo o alumnado, incluso daqueles máis introvertidos, aos que normalmente lles custa mais preguntar dúbidas no grupo clase. O alumnado tivo unha gran participación, poñendo en común casos reais de familiares e achegados.</p>	

AO FINAL DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<p>Obxectivo</p> <p>Resolución de casos prácticos.</p>	<p>Actividade</p> <p>Resolución de casos prácticos reais de modalidades contractuais.</p>
<p>Estrutura</p>	<p>Lapis ao centro</p>
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O docente reparte a cada equipo unha serie de casos prácticos. ▪ O primeiro membro do equipo tiña que llo en voz alta e debía ser o primeiro en resolvelo de acordo a normativa laboral vixente. ▪ A continuación, preguntarlle a opinión a todos os membros do equipo, para decidir a resposta correcta. ▪ Tras chegar a un consenso, o alumnado debe anotar a resposta acordada no seu caderno, e así sucesivamente na orde das agullas do reloxo. 	

Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas

A valoración xeral da actividade foi positiva, xa que esta estrutura propicia a participación equitativa do alumnado e a toma de decisións.

Dende o punto de vista da nosa materia parécenos moi interesante traballar de forma cooperativa dentro da aula, xa que é unha competencia cada vez máis valorada no mundo laboral. Coido que a interacción axúdalles a desenvolver certas habilidades sociais.

2.4 Valoración das actividades dunha Unidade de aprendizaxe realizadas en equipo (IV)

Curso e Grupo	1º CS Guía, información e asistencia turísticas
Área	Hostalaría e Turismo
Unidade de aprendizaxe	Destinos Turísticos: Europa como destino turístico.

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Fomentar a comunicación no equipo traballo	Actividade Formaranse 6 equipos de traballo, simulando 6 empresas de guías turísticos. Cada equipo debe explicar o itinerario de catro cidades Patrimonio da Humanidade e o máis representativo delas.
Estrutura	A mentira
Descrición da estrutura aplicada:	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A idea consiste en que todos os participantes formulen tres ou catro afirmacións sobre os contidos da unidade de aprendizaxe. Entre estas afirmacións haberá unha que non é verdadeira. ▪ As afirmacións faranse individualmente e as escribirán nun papel. Posteriormente, e por quendas, deberán ler as frases. Entre todos consensuarán cal é a afirmación errónea. ▪ Necesitamos que os membros do grupo se poñan de acordo e que cada un deles debata e argumente cal é a súa postura. ▪ Posteriormente, os participantes dirán cales son as afirmacións incorrectas. 	
Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas	
As actividades que promoven a comunicación son necesarias para comprender aos membros do equipo de traballo.	

AO INICIO DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
Obxectivo Seleccionar os recursos turísticos a explicar durante a viaxe	Actividade Trala lectura dos contidos explicados polo docente, e dado que a explicación ao turista dende o autobús ten unha duración limitada, os equipos que conforman cada empresa de guías deberán escoller aqueles recursos ou puntos de interese que lles resulten máis atractivos logo de ollar toda a información.
Estrutura	Técnica 3.4.5
Descrición da estrutura aplicada:	

AO INICIO DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Trátase dunha estrutura que serve para xerar propostas. En grupos de 4 persoas, os participantes reúnen ao redor dunha mesa para xerar ideas relativas coa unidade de aprendizaxe. ▪ Cada participante nunha folia en branco anota tres recursos turísticos. O tempo para escribilos será de cinco minutos. ▪ Tralos cinco minutos, pasarase a folia ao compañeiro, repetindo o proceso de escribir tres novos recursos turísticos. ▪ Completado o ciclo, obterase como resultado final 12 recursos turísticos en cada folia. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <p>Considérase unha actividade moi efectiva xa que propicia a participación do alumnado, ata daqueles máis introvertidos, que normalmente cústalles máis comentar as súas propostas a viva voz na aula.</p>	

DURANTE A UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<p>Obxectivo</p> <p>Recopilar os recursos turísticos máis relevantes para explicar ao turista.</p>	<p>Actividade</p> <p>Lectura dos recursos turísticos e puntos de interese que se van a explicar dende o autobús.</p>
<p>Estrutura</p>	<p>Lapis ao centro</p>
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O docente entrega a cada equipo unha folia con cuestións sobre os distintos recursos e puntos de interese. ▪ Cada alumno faise cargo dunha pregunta ou exercicio. ▪ Le en voz alta a primeira pregunta e opina como respondela. ▪ Pregunta a opinión de seus compañeiros seguindo a dirección das agullas do reloxo. ▪ Unha vez alcanzado o consenso, deberán anotar os recursos a expoñer no seu caderno. 	
<p>Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas</p> <p>Esta estrutura propicia a participación equitativa do alumnado e a toma de decisións consensuadas. Desde o punto de vista desta materia, é moi interesante traballar cooperativamente dentro da aula, xa que é unha competencia cada vez máis valorada no mundo laboral. Pódese observar que a interacción axuda a desenvolver certas habilidades sociais.</p>	

AO FINAL DA UNIDADE DE APRENDIZAXE	
<p>Obxectivo</p> <p>Avaliación da importancia da cooperación</p>	<p>Actividade</p> <p>Trala exposición da actividade de guías por Europa traballarase como se sentiu o grupo ao participar no proxecto.</p>
<p>Estrutura</p>	<p>Dar a volta a saba</p>
<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Colocamos unha saba no chan e poranse enriba dela as persoas que forman o equipo de traballo. ▪ A continuación, pídeselles que dean a volta á saba. Terana que poñer boca a baixo sen saírse dela. ▪ Analizaremos os diferentes aspectos do proceso de regulación dos conflitos, especialmente no proceso de toma de decisións. 	

Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas

Analizamos os problemas xurdidos, as súas causas, as súas consecuencias, as diferentes posturas tomadas por cada persoa e as diferentes solucións aportadas.

Como aspectos positivos destacamos a importancia da eficacia da comunicación na toma de decisións.

Suxestión: posibilidade de repetir a actividade tomando algunhas decisións de común acordo e volvendo a controlar o tempo, para constatar os cambios.

3. Conclusión

A aprendizaxe cooperativa é o emprego didáctico de grupos reducidos co fin de que os alumnos traballen xuntos para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos demais. A esencia da aprendizaxe cooperativa consiste en implementar grupos formais, grupos informais e grupos de base cooperativos para crear unha interdependencia positiva entre o alumnado. Outros elementos básicos da cooperación son: a responsabilidade individual; a interacción persoal entre o alumnado; as prácticas interpersoais e grupais, e o procesamento por parte dos alumnos do modo en que funcionou o seu grupo.

As investigacións realizadas indican que a cooperación conduce a un maior empeño en acadar os obxectivos, á xeración de relacións interpersoais máis positivas que os métodos competitivos e individualistas. O docente que aplique a aprendizaxe cooperativa deberá planificar e executar accións concretas de forma previa ao proceso de ensinanza, tomando decisións relativas a:

- Cantos alumnos conformarán os grupos.
- Como distribuirá aos alumnos nos grupos.
- Canto tempo traballarán xuntos
- Cal será a mellor maneira de dispoñer a aula
- Como utilizará os materiais didácticos
- Que roles serán asignados aos membros do grupo.

En termos xerais, os alumnado non está afeito a traballar en equipo e tenden a ser competitivo e individualista. Este é un dos motivos polos que consideramos que implantar a aprendizaxe cooperativa non é doado ademais que pode levar anos chegar a dominar esta técnica, esixindo esforzo e disciplina, tanto por parte do alumnado como por parte do profesorado.

Consideramos que é importante que sexa todo o equipo docente dun grupo o que implante esta metodoloxía no curso para poder sistematizar este xeito de traballar. Con isto tamén se están a inculcar valores para formar persoas e profesionais capaces de traballar en equipo, respectando e tendo en consideración outras opinións, ademais de ser unha das novas esixencias do mercado laboral actual, tal e como temos constancia desde os centros formativos a través das FCT, formación nos centros de traballo, nos que durante as visitas, o empresariado e directivos responsables de equipos destacan a importancia de saber integrarnos dentro dos equipos departamentais.

4. Bibliografía

- ABAD, M. y BENITO, M.L. (Coords.) (2006): Como enseñar junt@s a alumnos diferentes: aprendizaje cooperativo. Zaragoza: Egido Editorial
- DURAN, D. (Coord.), TURRÓ, J. y VILA, J. (2003): *Tutoría entre iguales. Un método de aprendizaje cooperativo para la diversidad. De la teoría a la práctica*. Barcelona: ICE de la UAB.
- FABRA, M.L. (1992): *Técnicas de grupo para la cooperación*. Barcelona: CEAC.
- GÓMEZ, C., GARCÍA, A. y ALONSO, P. (1991): *Manual de TTI. Procedimientos para aprender a aprender*. Madrid: Editorial EOS.
- JOHNSON, D. W., JOHNSON, R. T. y HOLUBEC, E. J. (1999): *El aprendizaje cooperativo en el aula*. Buenos Aires: Paidós.
- OVEJERO, A. (1990): *El aprendizaje cooperativo. Una alternativa eficaz a la enseñanza tradicional*. Barcelona: PPU.
- SLAVIN, R.E. (1999): *Aprendizaje cooperativo. Teoría, investigación y práctica*. Buenos Aires: Aique.
- JOHNSON, D.W y JOHNSON, R.T. (1999): *Aprender juntos y solos. Aprendizaje cooperativo, competitivo e individualista*. Buenos Aires. Aique.

5. Anexos

- Modelo de autoinforme de aplicación das dinámicas.

Modelo aplicación dunha dinámica do Ámbito A: Cohesión do grupo.

Obxectivo Cohesión do grupo	Dinámica Pelota en círculo
Descrición da dinámica aplicada: Nunha primeira fase, e colocados en círculo, pasamos a pelota aos compañeiros ao tempo que dicimos unha profesión ou estudos que queremos realizar ao rematar o ciclo formativo. Na segunda fase, pasamos a pelota, pero agora dicindo a profesión ou estudos daquel ao que lla pasamos. Facemos suficientes turnos ata que todo o mundo recibe e pasa a pelota varias veces e practicamente todo o mundo coñece as aspiracións dos demais.	
Valoración da estrutura aplicada: dificultades, aspectos positivos e dúbidas A valoración é positiva. Foi ben aceptada pola maioría do alumnado e ademais é unha actividade moi útil de cara a contribuir a cohesión do grupo.	